

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ABRE, CON CARÁCTER URXENTE, O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A AMPLIACIÓN DAS LISTAXES DE AGARDA PARA A COBERTURA CON CARÁCTER TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DESTE CONSORCIO

O Comité Directivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aprobou, na sesión de 3 de marzo de 2008, as *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a contratación de persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa regulación*.

Con data de 13 de marzo de 2008, a presidencia do Consorcio ditou a resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo deste consorcio.

Ao abeiro da antedita resolución foron elaboradas as listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio para aqueles casos nos que a listaxe de agarda do proceso selectivo correspondente se esgotara ou non se tivera convocado proceso selectivo.

Algunhas destas listaxes manteñen a súa vixencia por existir persoal inscrito nelas, mais ao atoparse este nalgunha das situacións nas que pode rexeitar a oferta de traballo permanecendo nas mesmas, faise necesaria a convocatoria dunha listaxe de agarda para ampliación das existentes nas categorías e ámbitos territoriais incluídos na presente resolución, segundo o procedemento de urxencia previsto no artigo 10.3 das *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio*.

O persoal así seleccionado incorporarase á listaxe de orixe a continuación do último compoñente da mesma, segundo prevé o citado artigo 10.3. das citadas bases xerais.

En atención ao exposto, dítase a resolución pola que se abre, con carácter extraordinario e urxente, o prazo de presentación de solicitudes para a ampliación das listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo deste Consorcio.

Artigo 1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto a apertura, con carácter extraordinario e urxente, dun prazo de presentación de solicitudes para a ampliación das listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio nas categorías e ámbitos territoriais previstos no artigo 2.

As persoas así seleccionadas incorporaranse ás listaxes de orixe confeccionadas ao abeiro da resolución da presidencia do Consorcio de 13 de marzo de 2008, na categoría e ámbito territorial que corresponda en cada caso, a continuación do último/a compoñente da mesma.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente convocatoria ten por obxecto a ampliación das listaxes de agarda correspondentes ás seguintes categorías e ámbitos territoriais:

CATEGORIA	AMBITO TERRITORIAL (PROVINCIA)
Educadores/as infantís	Coruña
Educadores/as infantís	Lugo
Educadores/as infantís	Ourense
Educadores/as infantís	Pontevedra
Xerocultores/as	Coruña
Xerocultores/as	Lugo
Xerocultores/as	Ourense
Xerocultores/as	Pontevedra
Enfermeiros/as	Ourense
Terapeutas ocupacionais	Ourense
Terapeutas ocupacionais	Lugo

Artigo 3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes

1. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días naturais a partir do seguinte á data da publicación do anuncio da convocatoria no DOG, para a presentación da súa solicitude no modelo normalizado (ANEXO I), en unión da documentación que sexa pertinente.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Consorcio ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as persoas solicitantes remitirán por fax (nº 981 938 502) ou por correo electrónico (listaxes.persoal@igualdadebenestar.org) ao Consorcio unha copia da solicitude dentro do prazo previsto para a presentación das solicitudes.

3. No caso de que unha persoa solicite a súa inclusión en máis dunha categoría e/ou ámbito territorial, terá que presentar unha solicitude por categoría e/ou ámbito territorial, xuntando a cada unha delas o xustificante de ingreso da taxa correspondente (anexo II).

No caso de presentarse máis dunha solicitude será suficiente a presentación da documentación xustificativa dos méritos unha única vez, sempre que se trate da mesma categoría profesional.

Artigo 4. Requisitos dos aspirantes

Na data en que expire o prazo para a presentación das instancias, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ter a capacidade para contratar a prestación do seu traballo de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.
- b) Acredita-la nacionalidade española ou dun país da Unión Europea (en adiante UE) ou, de se-lo caso, dispor de autorización para poder residir e traballar legalmente en España.
- c) Posuí-la titulación que, segundo se fai constar no modelo de instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A titulación esixida para as categorías obxecto da presente convocatoria é a seguinte:

1. Educadores/as infantís: Técnico/a superior en Educación Infantil ou Técnico Especialista en Xardín de infancia, Diplomado/a en Maxisterio, especialidade en educación infantil ou Diplomado en Profesorado de EXB, especialidade Preescolar.
2. Persoal Xerocultor: Ciclo superior de Auxiliar de Enfermería ou Técnico/a de atención sociosanitaria ou FP de rama clínica ou asimilado.
3. Terapeuta ocupacional: Diplomatura en Terapia Ocupacional ou titulación asimilada.
4. Enfermeiro/a: Diplomatura en Enfermería ou equivalente.

- d) No que respecta ao coñecemento da lingua galega deberase acreditar estar en posesión do certificado correspondente segundo o disposto no artigo 19 das *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio*:
- Educadores infantís: Título ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou nivel de Celga equivalente.
 - Persoal xerocultor: Título ou certificado que acredite o grao de iniciación do idioma galego ou nivel de Celga equivalente.
 - Terapeuta ocupacional: Título ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou nivel de Celga equivalente.
 - Enfermeiro/a: Título ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou nivel de Celga equivalente.
- e) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas
- f) Presentar xustificante de ter aboadas as taxas administrativas establecidas polo Consorcio con carácter xeral para a inscrición nas listas para a cobertura temporal de postos de traballo, que ascenden a 16,65 €. Estarán exentos do pagamento destas taxas os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa instancia.

A presentación do xustificante de ingreso das taxas en que non figure o selo da entidade bancaria coa indicación da data, determinará a exclusión do solicitante.

Artigo 5. Acreditación de méritos avaliábeis

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata o día da publicación da convocatoria, sempre que se acrediten no prazo de presentación das solicitudes.

A acreditación dos méritos alegados requirirá a incorporación de documentos auténticos, sen prexuízo da posible compulsa que, sobre as copias fotoestáticas deles, sexa realizada polo persoal competente.

Artigo 6. Formulación das solicitudes

Cada aspirante aos chamamentos a que se refire a presente convocatoria, solicitará a súa inclusión nos ámbitos e categorías sinalados nos modelos de solicitude.

No suposto en que unha/un aspirante incumprise as regras previstas no citado modelo e, se así se detectase a través dos mecanismos de control, excluirase inmediatamente de calquera listado dos solicitados. No modelo normalizado de solicitude advertirase, de modo claro e inequívoco, a aplicación desta medida.

Artigo 7. Elaboración das listaxes

1. As listaxes confeccionadas ao abeiro da presente convocatoria elaboraranse pola estrita orde de puntuación que resultará da aplicación do baremo e criterios de selección establecidos nas *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio* aprobadas polo comité directivo do Consorcio de 3 de marzo de 2008.

2. Unha vez se tivese realizada a baremación, publicaranse as listaxes provisionais, por categorías e ámbito territorial respectivo, na Páxina Web (www.igualdadebenestar.org) e no taboleiro de anuncios do Consorcio, incluíndo relación dos aspirantes admitidos/as coa súa puntuación e orde de prelación, así como dos excluídos/as, indicando a causas da súa exclusión. O anuncio da publicación das listaxes provisionais publicarase no DOG.

Contra os listados provisionais, os interesados poderán formular reclamación no prazo de cinco días hábiles, a partir do seguinte á data de publicación.

3. Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do xeito establecido para as provisionais.

Contra as listas definitivas, os aspirantes poderán presentar recurso de alzada perante a xerencia do Consorcio, no prazo dun mes contado desde a data seguinte á da súa publicación.

Artigo 8. Comisión de valoración e seguimento

1. A selección dos aspirantes a integrar as listaxes de agarda efectuarase polos membros dunha Comisión de Valoración e seguimento composta por un número impar de membros que serán nomeados pola xerencia do Consorcio.

2. A Comisión poderá contar cos/as asesores que considere necesario.

Artigo 9. Baremo

1. Titulacións:

Serán requisitos propios das categorías obxecto da presente convocatoria os previstos no artigo 4 desta convocatoria.

2. Méritos:

Teranse en conta soamente os méritos causados ata o día da publicación da presente convocatoria, que estean xustificados mediante a incorporación de documentos orixinais ou copias debidamente cotexadas.

Aplicarase o baremo previsto no artigo 19 das *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio*, aprobadas polo Comité Directivo do Consorcio o 3/03/2008.

Artigo 10. Vixencia das listaxes

As persoas seleccionadas segundo o previsto na presente resolución incorporaranse ás listaxes de orixe confeccionadas ao abeiro da resolución da presidencia do Consorcio de 13 de marzo de 2008, na categoría e ámbito territorial que corresponda en cada caso, a continuación do último/a compoñente da mesma.

Artigo 11. Xestión das listaxes e chamamentos

A xestión das listaxes e dos chamamentos realizados ao abeiro da presente convocatoria levarase a cabo segundo o previsto nas *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio* aprobadas polo comité directivo do Consorcio de 3 de marzo de 2008.

Artigo 12. Impugnacións

Contra a presente resolución as persoas interesadas poderán interpor potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, nos termos previstos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos

previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009
O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Roberto Rodríguez Martínez
(P.D. da Presidencia do Consorcio de 24/03/2008)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

(Cubrir un modelo de instancia por cada unha das categorías e ámbitos territoriais ás que se presente a/o candidata/o)

No suposto en que un/a aspirante incumprise as regras previstas no citado modelo e, se así se detectase a través dos mecanismos de control, excluírase inmediatamente de calquera listado dos solicitados.

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida na convocatoria para a ampliación das listaxes de contratación temporal na categoría de _____ (1), no ámbito territorial da _____ (2) a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as especialmente sinaladas na convocatoria. Achégase a documentación relativa aos méritos (orixinais ou copias compulsadas), así como unha fotocopia de DNI.

(1) Consonte a titulación que se posúa (educador/a infantil, persoal xerocultor, enfermeiro/a, terapeuta ocupacional)

(2) Provincia da Coruña, provincia de Lugo, provincia de Ourense, provincia de Pontevedra.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO DE CONTACTO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO

Enderezo:

Rúa ou praza / Número:

Código postal:

CONCELLO:

PROVINCIA:

NACIONALIDADE:

TÍTULO ACADÉMICO REQUIRIDO PARA O POSTO

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:

**CURSOS REALIZADOS QUE ACREDITEN O COÑECEMENTO DA LINGUA
GALEGA**

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:

Santiago de Compostela, de de 2009

(SINATURA)

A instancia acompáñase de:

Exemplar de autoliquidación de taxas destinado ao Consorcio cumprimentado pola entidade bancaria (Anexo II)

Dictame Técnico Facultativo emitido polo Órgano Técnico de Valoración que ditaminou o grao de minusvalía ou certificación acreditativa de ser membro de familia numerosa de categoría especial, no caso de gozar da exención de taxas

Certificación acreditativa de ser membro de familia numerosa de categoría xeral no caso de gozar da bonificación do 50%

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento que legalmente ou substitúa (ou carta identificativa e permiso de traballo e residencia no suposto de cidadáns fóra da UE).

Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida para o posto que aspira.

Orixinal ou copia cotexada do Título do curso de iniciación ou perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Copias cotexadas dos cursos de formación

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____
9. _____
10. _____

. Para acreditación de servizos prestados: certificados expedidos polas correspondentes administracións ou empresas privadas. No caso de servizos prestados para o Consorcio será suficiente a súa alegación na relación de méritos achegada con indicación do/s período/s de contratación.

. No caso de ter superado algún/s proceso/s selectivo/s do Consorcio será suficiente a alegación do/s proceso/s selectivo/s superados na relación de méritos que se achegue polo/a aspirante.

. Informe do Servizo Galego de Colocación de estar inscrito como demandante de emprego e de non ter rexeitado cursos de formación nin ofertas de traballo.

. Certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social**, denominado ficheiro de "**candidatos de emprego**", con enderezo en rúa Amor Ruibal, 30 - 32, baixo, 15702, Santiago de Compostela. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección para o ingreso como persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.